PARLAMENTO DE GALICIA

[RRC/MSGN]

Acta da sesión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, do día 28 de xuño de 2024

Na sala de comisión "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, o día 28 de xuño de 2024, ás 10:35 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Raquel Arias Rodríguez
(Presidenta)
Enrique Barreiro Sánchez
(Vicepresidente)
Alexandra Fernández Gómez
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Victor Manuel Baladrón Lamas
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Jesús María Fernández Rosende
Paula Mouzo Mas
Carmen María Pomar Tojo
Ángel Rodríguez Conde

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Mercedes Queixas Zas
Iago Suárez Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Silvia Longueira Castro
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Comparecente:
Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia– CRTVG

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

A seguir, a Presidencia sinala que, logo de producida a vacante da Vicepresidencia da Comisión -polos cambios efectuados nas diferentes comisións (doc. 6150)-, procede elixir unha nova Vicepresidencia. Dado que esta elección non está prevista na orde do día da sesión desta Comisión para hoxe, proponse, ao abeiro do disposto no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara, a súa alteración coa inclusión dun punto preliminar consistente na eleción da Vicepresidencia da Comisión.

Posto que non hai oposición a esta proposta, apróbase por asentimento, co cal queda incluída na orde do día o seguinte:

Punto preliminar. Elección da Vicepresidencia da Comisión (12/CEEM-000024)

Procédese á elección da Vicepresidencia mediante votación nominal, a Presidencia lémbralles ás súas señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que o chamamento se efectuará por orde alfabética do primeiro apelido. Resultará elixido Vicepresidente ou Vicepresidenta quen obteña un maior número de votos.

Logo da distribución das papeletas para realizar a votación, a presidenta solicita da secretaria da Comisión que inicie o chamamento. Unha vez rematada a votación, o resultado do escrutinio é o seguinte:

Enrique Barreiro Sánchez..... 9 votos
En branco ..... 6 votos
Nulos ..... 0 votos
Total de votos emitidos ..... 15 votos

En consecuencia, resulta elixido **vicepresidente** da Comisión, **Enrique Barreiro Sánchez, do G.P. Popular de Galicia**, quen pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

Punto 1. Comparecencia do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar as contas anuais da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2023, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas
5269 (12/CPC-000004)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f1, do 12.06.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida ao director xeral da CRTVG, concédelle a palabra e infórmalle que para esta primeira rolda contará cun tempo ilimitado.

PARLAMENTO DE GALICIA

Xa que logo, toma a palabra o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** que pasa a presentar as contas anuais da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2023 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas

A continuación, a presidenta abre unha rolda de grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos, para que os seus portavoces formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a anterior información, na que fan uso da palabra as **señoras: Longueira Castro, Silvia (S), Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** e **Pomar Tojo, Carmen María (P)**.

Ao remate das anteriores intervencións a presidenta concédelle de novo a palabra por un tempo de 10 minutos, ao **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia,** quen contesta ás cuestións e consideracións formuladas polas señoras deputadas.

A Presidencia abre unha segunda rolda de grupos parlamentarios por un tempo de 5 minutos para precisións, na que interveñen as **señoras: Longueira Castro, Silvia (S), Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** e **Pomar Tojo, Carmen María (P)**.

Finalmente intervén o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia,** responde ás cuestións formuladas e con cuxa intervención se pecha o debate da comparecencia.

Punto 2. Preguntas

2.1 2491 (12/POC-000404)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre os cambios anunciados en outubro do ano pasado respecto da organización e selección dos contidos dos boletíns informativos da Radio Galega e as previsións sobre a posibilidade de volver ao modelo anterior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

A **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** dá contas das razóns que a levaron á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** para dar resposta ás cuestións formuladas pola señora deputada.

Na rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida.

PARLAMENTO DE GALICIA

O **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** pecha o debate da iniciativa incidindo en moitos dos argumentos expostos na súa intervención inmediatamente anterior.

2.2 5437 (12/POC-000762)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre a evolución dos niveis de audiencia da TVG desde o remate de 2023 e as previsións que ten a CRTVG para enfrontar a situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f2, do 12.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Suárez Fernández, Iago (BNG**), que pasa a dar conta das razóns que motivaron a formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**.

Na rolda de réplica o **señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** manifesta o seu desacordo coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e contestando ás novas consideracións formuladas.

A Presidencia agradécelle ao señor Sánchez Izquierdo, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión, así como ao persoal da Cámara polos servizos prestados.

Remata a sesión ás 13:25 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto 1º da orde do día.)

Raquel Arias Rodríguez

Firmado digitalmente por Raquel Arias Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Raquel Arias Rodríguez, email=raquel.arias.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.24 11:34:27 +02'00'

V.º e p.
Raquel Arias Rodríguez
Presidenta da Comisión

Alexandra Fernández Gómez

Firmado digitalmente por Alexandra Fernández Gómez
Fecha: 2024.10.24 10:44:10 +02'00'

Alexandra Fernández Gómez
Secretaria da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE, NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG, DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2024

- *Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia*

PARLAMENTO DE GALICIA

Ábrese a sesión ás dez e trinta e catro minutos da mañá.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Bos días.

Benvidos a unha nova sesión desta Comisión de Control da Radio e Televisión de Galicia.

Para empezar, ímoslle pedir á señora secretaria que pasa lista para confirmar o quórum.

A **señora secretaria (Fernández Gómez):** Moi bo día.

(A señora secretaria le a relación de asistentes.)

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Grazas, secretaria.

Habendo quórum, damos comezo á sesión.

[...]

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Dámoslle a benvida ao señor Sánchez Izquierdo a esta Comisión de novo.

E iniciamos xa a orde do día segundo estaba establecida co punto 1.1 que é a comparecencia do director xeral da Corporación da Radio Televisión de Galicia, por petición propia, para informar sobre as contas anuais da Corporación de Radio Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2023, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas.

Infórmolles aos membros da Comisión que o sistema de intervencións será que o señor presidente conta cun tempo de, en primeira rolda, ilimitado; a continuación, haberá unha rolda dos grupos parlamentarios para formular preguntas ou observacións por un tempo de 10 minutos; unha rolda de réplica para o señor comparecente, por un tempo de 10 minutos; unha nova rolda de aclaracións para os grupos parlamentarios, por un tempo de 5 minutos e, finalmente, pechará o debate o señor director xeral por un tempo de 5 minutos tamén.

Sen máis, dámoslles xa a palabra ao señor director xeral para a súa comparecencia.

O **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia (Sánchez Izquierdo):** Moitas grazas, señora presidenta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Bos días, señorías.

Comparezo nesta sesión, que estimo como a máis relevante do ano, en canto facemos unha presentación das nosas contas anuais, e que recolle contablemente o que foi a actividade do sistema público de comunicación galego ao longo do ano. Tamén lles advirto que é unha sesión, dende o punto de vista da narrativa, moito máis pesada que calquera outra das comisións das que temos presenza. Así que lamento dicirlles que ao mellor teñen que desculparme un certo cansazo na exposición dos temas e das conclusións.

O certo e verdade é que esta presentación de rendición de contas non só da información contable senón tamén da non financeira —verán que na documentación que lles foi entregada entregamos, coma sempre, as contas, pero tamén os estados de información non financeira—, auditados ambos os dous no caso das contas por Price Waterhouse, e os estados de información non financeira auditados tamén por Ernst&Young.

A conclusión do informe de auditoría foi positiva. E leo literalmente o que probablemente é o máis relevante do que din os auditores: «Auditamos as contas anuais da Corporación Radio Televisión de Galicia, S.A., que comprenden o balance a 31 de decembro de 2023, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos e a memoria correspondente ao exercicio rematado na devandita data. Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira da sociedade a 31 de decembro, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación; e, en particular, os principios e criterios contables contidos neste» —e remato a cita—. En calquera caso, subliñar unha vez máis que non hai ningunha salvedade por parte dos auditores ás contas da CRTVG.

Se me permiten, quero comezar facendo unha referencia e dirixila á contorna na que nos estamos a mover, e non me queda máis remedio que remitirme a un proceso que xa se iniciou no ano 2009. A situación actual da nosa corporación é resultado dunha evolución intencional que se inicia no caso desta dirección no ano 2009, e isto por unha dobre razón: porque a realidade presente é produto dunha serie concatenada de transformacións intencionais para as que a súa propia complexidade, interdependencia e aplicación progresiva non traumática esixiu un período determinado; e, ao longo del, unha vontade enfocada cara a unhas metas que son as que definen hoxe o estado actual de cousas. Isto recóllese nun balance que non deixa de ser un proceso acumulativo ao longo de sucesivas anualidades.

En calquera caso, os trazos principais que caracterizan hoxe a CRTVG son que se trata dunha sociedade mercantil de capital público, que presta un servizo no marco do mandato do Parlamento en termos a coñecidos, presenta unha situación financeira e patrimonial estable saneada que se constata de novo nas contas do ano 23,

ordenou e normalizou a súa contorna laboral e axústase con moi notable precisión as determinacións normativas sobre o tamaño do seu cadro de persoal. Consolidou o seu modelo estrutural corporativo a partir dunha reorganización programática no ano 2017, e desenvolve a súa actividade dende unha plena integración produtiva de medios, superando a dualidade inicial entre Radio Televisión e incorporando a presenza xa normalizada no ámbito dixital de xeito decidido á plataforma de comunicación audiovisual pública, o que coloquialmente coñecemos como plataforma OTT.

Así xerouse unha ampla e variada oferta temática que ofrece no seu portal na Rede, no que ten un significado chave a plataforma de noticias g24.gal; dixitalizou os seus procedementos e procesos, nomeadamente, os ligados á actividade produtiva, o que supón que a restora deba considerarse como una factoría de contidos para unha difusión multimedia, multicanle e multiplataforma. Acentuou a súa vocación empresarial; mellorou a súa rendibilidade produtiva económica e social; e está a piques de mudar os termos cualitativos da súa concorrencia no mercado e do seu modelo de negocio co lanzamento e consolidación progresiva da plataforma OTT.

Mentres, segue a constituír un axente de primeira orde vertebrando identidade colectiva en Galicia, o sentido cívico e cultural, idiomático singularmente, mantén unha audiencia e un alcance moi significativos en medios convencionais, ten unha considerable notoriedade social, constitúe un motor do sector audiovisual galego, é un factor clave da dixitalización da sociedade e a economía do país, cun papel destacado nas dinámicas de I+D+i que atinxen a este sector e as TIC; ao tempo que perfilou e profundou o seu exercicio formal de transparencia e responsabilidade social.

Esta rápida caracterización do estado de cousas non estarían completas sen ter en conta dúas dimensións específicas nos termos que comentarei nos epígrafes que seguen: unha é a económico-financeira; a outra é a da xestión de persoal co ámbito singular dentro do conxunto dos recursos que manexamos.

Esta recapitulación de goberno para dar resposta a este escenario de exixencias apunta a tres ciclos característicos con diferentes liñas mestras, a tres etapas serían: unha, de adaptación coxuntural, que foi do 2009 ao 2013; outra, de estruturación estratéxica nova, que foi do 2014 ao 2016; e unha terceira, de desenvolvemento estratéxico entre o 2017 e o 2023.

A observación dos desafíos e logros nestes tres ciclos resume de forma articulada a evolución histórica que quero sintetizar hoxe. Para facelo, ofrécense nesta comparecencia tres epígrafes que resumen os elementos máis destacados da evolución levada a termo, referíndonos a cada unha desas tres etapas para logo formular un balance sumario con algúns datos obxectivos.

Imos coa primeira etapa, que vai de 2009 ao 2013. Considerando as claves de contexto que xa se apuntaron para o comezo do período, un primeiro vector de actuación relacionándose co ámbito da xestión económico-financeira. Tratábase de

interromper para reverter máis adiante unha progresiva acumulación de déficit e débeda, gravitando sobre os orzamentos que supuñan un factor inmediato de desequilibrio orzamentario, patrimonial e financeiro.

A débeda bancaria da entón Compañía —hoxe somos unha Corporación— ascendía a 32,5 millóns de euros; o déficit orzamentario acumulado daquelas era de 51 millóns de euros. Esta situación abría un período ao longo do que o orzamento da Corporación ía contraerse en algo máis de 43 millóns de euros por ano. Pasábase así dun orzamento total do 2009 de case 147 millóns a algo menos de 104 millóns, isto é un 29,3 % menos.

Ao tempo, en relación coa cuestión de persoal —que axiña abordarei—, neste ciclo o peso dos custos xerados neste capítulo medrou polo efecto da diminución do orzamento consolidado e máis polo da política de saneamento de xestión laboral, que tivo un significado custo asociado.

En relación co exposto, desenvolveuse un esforzo intenso de racionalización de custos mediante melloras de coordinación para un uso óptimo dos recursos. Deste xeito, en 2013 a débeda bancaria de 32,3 millóns de euros desapareceu por completo; e logrouse non só deter o incremento do déficit, senón reducilo case á metade en menos 26,4 millóns de euros no 2013. Ademais, estaba elaborada unha estratexia económico-financeira comprometida con dotar de coherencia os custos de explotación, a cal aparece representada de forma inequívoca nas contas anuais de 2023 que hoxe son obxecto de presentación.

Esta política económico-financeira estivo coordinada coa seguida en materia de persoal. Neste ámbito, cómpre sinalar que en 2012 se levou a ter algún proceso extraordinario de consolidación de emprego que levou á estabilización de 193 persoas. Mentres, resolveuse a problemática xerada polas delegacións territoriais nas que se apostou de xeito inequívoco pola internalización, e emprendeuse unha liña decidida desta petición de efectivos.

A mediados de 2013, iniciábase un camiño de contención para ir aproximado dende entón a cifra real destes á que viña determinarse como o tamaño de referencia do cadro de persoal. E nesta liña actuamos en dous niveis: nun plano xeral, atendeuse a non xerar novas actuacións de risco de declaración de indefinición das relacións laborais de tipo eventual; doutro lado, fóronse adoptando medidas individuais dende un criterio de oportunidade, procurando a absorción de persoal indefinido coas vacantes existentes.

Esta política definiuse naquel momento a nivel interno como de cambio gradual acompasado. Así, en 2013 estaba iniciado un cambio de tendencia na xestión dos recursos humanos, e debe notarse que no saldo neste ámbito hai que incluír estes logros foron atinxidos normalizando a situación de xeito progresivo e non traumático.

PARLAMENTO DE GALICIA

Con respecto á actividade, difusión de contidos da CRTVG, foi quen de manter a súa audiencia e alcance en medios convencionais; consolidando a capital de significado, notoriedade e tracción sobre a economía. Ademais, neste ciclo —recordo que estivo falando de 2009 ao 2013— a presenza no espazo dixital —que databa de 1997— viuse impulsada con éxito cos incrementos significativos na audiencia na rede a partir da chamada entón «área de novas canles».

Este período concluía coa Lei 9/2011 aprobada, a cal achegaba unha perspectiva de futuro que reformulaba o modelo de medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade autonómica en termos coherentes coa evolución do sector, da actividade do papel dos operadores públicos. E nese horizonte que exixía transformacións de fondo, a xestión levada a termo conformaba unha serie de pasos previos necesarios e adquiría así valor como base dunha evolución con calado estratéxico a emprender.

Entramos na etapa do período de 14-16, que chamariamos de de estruturación estratéxica. Para adquirir ese calado na perspectiva de aplicación do novo marco legal, as liñas e medidas de resposta conxuntural do ciclo anterior tiñan que ter unha continuidade inmediata e decidida —como así foi— con algúns froito significativos aos que aludirei.

Como vector de fondo perseverouse na liña de saneamento financeiro e de coherencia de custos, de xeito que avanzou nunha xestión eficiente —como proba a consideración de actividade desenvolta cun orzamento que en 2016 foi de 104 millóns de euros —42 menos que en 2009—; cunha achega institucional de 94 millóns, 3 por baixo dos recibidos entón por importe de 124,3 millóns. Conservándose un grao nulo de endebedamento bancario e consolidándose a redución progresiva do déficit histórico acumulado, composto polos remanentes de Tesourería non presupostados, que ao pechar este último exercicio era xa só do 21,6 millóns de euros. Viñamos de 51 —como dixen— e xa estabamos en 21,6 millóns no tempo que se melloraba o rendemento dos activos.

Neste escenario en que se cruzaban avances e desafíos, o 1 de xaneiro de 2017 marcou o inicio da actividade da Corporación a apertura dun terceiro ciclo que vai de 2017 ao momento actual, de 2023, que poderiamos cualificar de desenvolvemento estratéxico.

O inicio das actividades da Corporación supuxo en primeira instancia unha adecuación do modelo de referencia cara ao que se viña orientando en continuidade da acción do Goberno. En calquera caso, garantindo con éxito a continuidade da actividade produtiva e de difusión, o mesmo que das liñas de racionalización —que xa glosei—, un primeiro impulso de acción de goberno no novo escenario que atendeu con prontitude e de xeito áxil a dar efecto á transformación formal para materializar a Corporación.

PARLAMENTO DE GALICIA

Dentro do conxunto de actuacións nese sentido, hai que destacar na perspectiva desta presentación os labores para deseñar e poñer en marcha unha nova estrutura que mellorase as nosas capacidades operativas. A efectos prácticos, a reorganización foi substancial e proxectouse na integración orgánica de medios e na eliminación de determinadas duplicidades mediante a adopción dun esquema circular en vez de piramidal tradicional, reducíndose o número de figuras directivas.

Articulouse así a Corporación en cinco áreas funcionais: de xestión corporativa, outra era a información e documentación, contidos, soporte tecnolóxico e medios e innovación e negocio; dotándose a dirección xeral cunha oficina que a algúns efectos operativos funciona con outra área. Lémbrolles que anteriormente a esta estrutura organizativa había dous esquemas de gobernanza: por un lado, estaba a dirección da TVG; e, por outro lado, estaba a dirección da Radio Galega, que eran dous sistemas que operaban absolutamente independentes o un do outro —neste caso integramos todo—.

A actuación en materia de política de contidos estivo presidida pola convicción da necesidade de amplialos e diversificalos para ampliar a audiencia e diversificar a penetración social dos medios corporativos. O éxito exterior e o recoñecemento dalgunhas producións participadas pola Corporación son testemuña deste empeño.

Paralelamente, como unha realización senlleira do período, a partir dos avances na integración de medios e do proceso de dixitalización —ao que aludirei máis adiante— permitiron a configuración dunha redacción única. Lanzouse neste tempo a plataforma de noticias con identidade de marca g24.gal, accesible na rede pero de configuración multimedia con contidos dispoñibles e na actualización constante ininterrompida as 24 horas de todos os días do ano. Este proxecto constitúe un elemento central do novo modelo en canto atende á altura das necesidades dunha sociedade contemporánea avanzada á demanda de información, e supón así a satisfacción dunha compoñente esencial da prestación do servizo público encomendado. Mentres, continúa a ampliarse e a intensificarse a actividade en redes sociais, lanzáronse emisións singulares a través de tuits, creáronse canles específicas en Tiktok, iniciáronse as emisións de radio televisada, e a continuidade 24 horas en directo da TVG en Youtube, abríronse canles de contidos nas principais plataformas de podcasts —estou a pensar aí nos casos de iVoox, Spotify, iTunes, etcétera—; e púxose en marcha de novo aloxada no portal corporativo e na rede unha plataforma podcasts con contidos da Radio Galega para o seu consumo á carta.

Por tanto, estabamos diante dun proceso converxente e ampliado; e, en asociación con isto, consolidouse a posición da Corporación como o único operador de televisión no Estado con máis dunha canle que emite todas as súas en alta definición as 24 horas do día e tamén en streaming en varias plataformas. Como resultado, nese ano o consumo das plataformas dixitais corporativas incrementouse en máis dun 150 % con respecto aos valores do ano 2021

PARLAMENTO DE GALICIA

A dirección do Goberno e a xestión técnica de soporte centráronse ademais no deseño funcional operativo dos procesos produtivos e de xestión dos contidos dunha Corporación dixitalizada. Implantándoos na medida do posible nunha dinámica de experimentación, de perfeccionamento e, ao tempo, na determinación das necesidades tecnolóxicas a proveer e de solucións idóneas ao respecto. Tamén na provisión de investimento necesario en razón da súa magnitude e na preparación dos procesos de contratación administrativa para o fornecemento dos bens de equipo, programas e aplicacións preciso.

Estas accións desenvolvéronse baixo o imperativo de que a continuidade do servizo público non se vise en absoluto afectada. Así, en 2021, completando e consolidando as innovacións e avances, procedeuse á fase primeira e máis decisiva de implantación efectiva da dixitalización en canto a medios e procedementos; centrada na produción, xestión e difusión de contidos principalmente de televisión. Deste xeito, en 2023 xa, nunha continuidade gradual e ordenada, o foco de xestión estivo no perfeccionamento dos cambios en todas as ordes; e, con posterioridade, na dixitalización da produción, xestión e difusión de contidos de radio.

Nese período e como resultado, incrementouse de forma significativa a axilidade e a eficiencia da xestión de contidos e da súa programación, a partir da conformación dun repositorio central único, así como a calidade técnica e resolución das imaxes se son servidos, avanzándose na incorporación progresiva de tecnoloxías como 4K ou 5G.

Asemade, emprendeuse a dixitalización do arquivo a efectos da ampliación dos repositorio na atención á súa posta en valor en perspectiva social e económica. En paralelo, desenvolvéronse recursos integrados baseados na disposición de tecnoloxía dixital, como a nova redacción única, o estudo para a transmisión de radio por televisión, e tamén un novo estudo multimedia preformativo para os servizos informativos.

Neste ámbito do tecnolóxico, en clave de preparación do que será a evolución inmediata a emprender, foise procedendo á implantación da intelixencia artificial. Desenvolveuse como esforzo en I+D+i con algún grao de colaboración con axentes externos do sector TIC galego, unha base agregada masiva de datos, de bases de datos de consumo —data lake e un conector destas, data hub— a efectos dunha xestión automatizada que permita, dunha parte, a situación de mensaxes e estímulos publicitarios na clave de publicidade personalizada á carta que debe incorporarse ao modelo de negocio.

Doutra parte, en combinación cos procedementos clásicos de estudo das audiencias, mellorouse a segmentación de públicos e traballouse nun deseño máis eficaz de contidos específicos para estas. É notable subliñar que estas actuacións proxectan un

PARLAMENTO DE GALICIA

efecto positivo no sector audiovisual galego en razón da sinerxía que como motor exerce a Corporación.

Finalmente, neste último treito do ciclo procedeuse ao deseño en dimensión tecnolóxica da OTT, téndose optado dende criterios de eficiencia tecnolóxica e racionalidade do investimento, por unha infraestrutura de modelo cloud —na nube— nunha contorna de programación SAS. Na actualidade, os traballos de deseño e preparación da plataforma están executados e está operativa, constituíndo o instrumento de maior potencia e alcance para prover o servizo público de Galicia de xeito competitivo e con calidade.

Atendendo xa á xestión corporativa de soporte, ten entidade destacada a dos recursos humanos; e a recapitulación debe comezar aquí pola súa directa conexión coa dimensión produtiva e tecnolóxica. A política de xestión das persoas atendeu de maneira principal neste período a unha continuidade da estratexia para mellorar a contorna laboral e manter a racionalidade de custos de explotación dentro da adecuación ao tamaño fixado para o cadro de persoal.

Non obstante, o conxunto de prácticas harmonizadas que se viñan mantendo enriqueceuse en termos formais e cualitativos cuns criterios explícitos de xestión do cadro que con aprobación do consello de administración comezaron a aplicarse no 2020.

Ao tempo, ampliáronse e melloráronse os sistemas de información sobre recursos humanos, cun incremento substancial no rendemento da xestión operativa neste ámbito codificando todas as prazas —tema non menor—. Incorporouse a esa xestión unha visión estratéxica prospectiva que inclúe a de orde xurídica.

Na esfera de promoción do talento, acentuouse a importancia dos plans de formación continua; mentres, incrementouse o significado dos contidos orientados á capacitación tecnolóxica requirida pola dixitalización e conseguinte mudanza dos procesos produtivos e de xestión de contidos. Asemade, procedeuse con carácter intencional e de oportunidade ás sucesivas actualizacións do cadro de persoal para ir aproximando a súa estrutura ás necesidades produtivas.

Enlazando esta cuestión coa captación, recoñecemento e promoción do talento, cabe dicir que ao peche do ciclo convocáronse as ofertas públicas de emprego de 2021, 2022 e 2023 arestora en curso, que supoñen un novo momento significativo de consolidación do emprego na organización. Tamén un compromiso inequívoco da dirección da Corporación coas estabilización completa do cadro de persoal.

En termos de balance —renunciando a estenderme sobre outros avances— en materia de igualdade e de recoñecemento da diversidade, debe engadirse que nunha extensión e perfeccionamento desta política de persoal a Corporación ten hoxe definido un plan laboral. Adicionalmente, cabe falar para os últimos anos dun conxunto de actuacións tendentes ao establecemento dun novo ciclo nas relacións entre a empresa e

PARLAMENTO DE GALICIA

o seu persoal co obxectivo de construír un escenario máis dinámico de xestión estratéxica dos recursos, con maior seguridade xurídica e maior calidade no emprego dentro dun diálogo sistemático e continuado entre as partes.

Pero máis alá da xestión de recursos humanos, déronse igualmente avances significativos noutros ámbitos da xestión do soporte; nunha reacción rápida cabería sinalar o desenvolvemento e integración de sistemas de información e a súa explotación para xerar coñecemento estratéxico cun valor de predición; a implantación da administración electrónica na Corporación; a compilación e actualización dun repertorio de procedementos de soporte e contratación; o desenvolvemento dunha política formalizar de control da legalidade; e o cumprimento do que tivo accesos substanciais en 2021, coa aprobación por resolución da dirección xeral dun modelo de prevención de delitos e a conseguinte posta en marcha dun órgano de supervisión. Ademais, neste eixo da xestión de soporte mantivemos unha política económico-financeira e patrimonial de equilibrio e coherencia nos custos, consolidando os seus efectos cun balance de conxunto notablemente positivo; un balance que pon de manifesto unha xestión comprometida coa eficiencia.

Finalmente, hai unhas dimensións de proxección social e institucional, tracción sobre a economía e sociedade e responsabilidade social e transparencia corporativa que é obrigado mencionar en canto a que neste período se viron ampliadas e consolidadas.

Nunha consideración xeral do significado para o país da CRTVG e a representación deste que exerce como proxección alén da literalidade inmediata dos efectos da súa actividade, hai que sinalar dimensión sociolingüística que lle outorga a súa condición de titular dos únicos medios audiovisuais que emiten íntegra e continuadamente 24 horas en galego; o seu compromiso na dixitalización da sociedade no marco da Estratexia dixital de Galicia 2030; a súa presenza na oferta de cable en 10 países americanos e 4 europeos; e a cobertura por satélite en alta definición nos dous continentes. Así como no feito de que ostente a secretaría xeral, é dicir, coa que é a Asociación Europea de Televisión Rexionais, e sexa membro do comité de dirección do Celtic Media, un grupo de empresas públicas de telecomunicación audiovisual dos países célticos, ou a súa sólida posición comparativa na Forta como referencia das máis salientables, entre outras.

Hai que engadir a atracción que exerce sobre o sector audiovisual galego por volume de investimento, así como sobre o sector TIC, con iniciativas significativas neste período de colaboración con proxectos de I+D+i con alcance estratéxico. Nunha perspectiva de responsabilidade social o ano 2023 supuxo profundar nos compromisos de autorregulación, singularmente os derivados da sinatura pola Corporación dous anos antes do Pacto mundial das Nacións Unidas polos obxectivos de desenvolvemento sustentable. Estimulando a sensibilidade e a atención de aspectos de detalle e en áreas como o recoñecemento e o respecto pola diferenza, a promoción da igualdade e a

PARLAMENTO DE GALICIA

inclusión, o coidado do medio ambiente, etcétera. Por último, foron estes anos dunha significativa ampliación das políticas de transparencia tanto interna como externamente.

En virtude de todo o exposto, quedan recapituladas nesta presentación das contas anuais de 2023 a serie de circunstancias e realizacións que guiaron a acción do goberno corporativo no período de continuidade do equipo directivo, as cales constitúen a xénese dos valores de balance.

E a partires de aquí, vou facer só algúns moi breves apuntamentos porque toda a documentación que está a disposición das súas señorías por extenso, tanto nas contas anuais como no estado de informacións non financeiras. E aquí o que podo dicirlles arredor do ano 23 é que xa operamos en televisión dixital terrestre a través de dúas canles, que tamén empregamos dúas canles vía satélite para o exterior, para América Europa; e catro canles de radio: unha radio galega xeralista e dúas canles de música, unha delas exclusivamente dedicada a música galega e outra dedicada aos nenos baixo a marca Radio Picariña. Ten tamén canles dixitais de G24, crtv.gal, a Galega, a Galega Audio, o Xabarín e 29 canles en redes sociais.

En clave de audiencia no conxunto do día, no 23 a audiencia media da nosa primeira alcalde foi dun 11 da segunda canle do 0,9, polo tanto, estivemos a piques dun 12 % nas nosas canles en TDT. En audiencia a diario da Radio Galega, segundo os datos do estudo xeral de medios, foi de 144.000 oíntes; a respecto da Radio Galega Música, a audiencia diaria foi de 25.000 oíntes; por tanto, a nosa cota de escoita en Galicia está no 17,4 %. En canles dixitais, a Corporación amosou un total de 633 millóns de visualizacións, 135 millóns de reproducións e 6,4 millóns de engagements. Este crecemento consolidou —na nosa opinión— a aposta da CRTVG nos medios dixitais, que está plenamente despregada dende xaneiro de 2024.

En canto á xestión das persoas pouco máis que engadir máis aló de dicirlles que aprobamos a convocatoria de 14 prazas mediante o sistema de concurso-oposición e 12 prazas de promoción interna para o persoal da Corporación. Pero, ao mesmo tempo, estamos insertos nun proceso de consolidación de emprego de 270 prazas, das que 255 foron mediante concurso —e eu agardo que este proceso poida estar materializado ao longo deste vindeiro outono—. En consecuencia, o ano 23 é o terceiro ano consecutivo no que consolidamos o que xa é un rasgo característico sen precedentes da creación do medio arredor da creación de prazas con vínculo de fixeza.

E en canto ao cadro de persoal que nós viñamos nun ano 2009 cun número medio de persoas traballadoras de 996, pasamos dun cadro de persoal entón de 769 prazas. Pero o certo e verdade é que daquela tiñamos un risco efectivo de laboralización de 1.156 efectivos. Agora estamos nunha situación en que pasaremos dun cadro —como dicía— de 769 prazas a un de 996 prazas. Cun perímetro de risco laboral que se afasta dos 1.156 efectivos cara a evolucionar a un cadro de persoal laboral composto por 838 prazas e 883 persoas de media, coa conseguinte estabilización e racionalización dos custos de persoal e a drástica redución da temporalidade na contratación.

PARLAMENTO DE GALICIA

Podería incorporarlles e darlles moitísimos máis datos arredor do tema laboral pero dispoñen vostedes por extenso desa documentación, a configuración do cadro directivo que segue nun nivel de 38 persoas desde hai xa bastantes anos.

Unha última chamada sobre a problemática da tributación indirecta, o que se coñece coloquialmente co problema do IVE. Quero recordarlles que á data de hoxe, as controversias que a CRTVG mantén que a Axencia Estatal Tributaria dende o exercicio 16 ata o 23 ascenden aproximadamente 93,9 millóns de euros; deles 36,6 millóns, IVE por contraprestación e 57,3 millóns por prorrata.

En canto á liquidación orzamentaria, non os vou aburrir con todos os datos, aí teñen os datos comparativos de cal era a situación do 22, o orzamento do 23, cal foi o nivel de cumprimento do ano real tanto en custos como en ingresos. Tivemos un superávit levemente superior aos 2 millóns de euros unha vez máis.

Sobre os ingresos publicitarios. Dicirlles que tivemos un incremento do 5,1 %, que en valores netos foi de 0,5 millóns de euros. Sobre gastos de persoal só dicir que o incremento pasou de 51,2 millóns de euros a 52,8 millóns de euros, poden ver os datos desagregados. Arredor do custo laboral medio por traballador, verán que está en 58.295 euros; pasamos de 55.975 euros no ano 22 a 58.295, cun incremento do 4,1 %, o que debería explicarlles polo miúdo cales son as razóns deste incremento.

Paso tamén rapidamente polos datos do balance de situación e da súa situación patrimonial. En todo caso, si dicirlles que o patrimonio neto evolucionou dende un valor de 30,2 millóns de euros en 2008 a 49,3 millóns de euros no 2023, cun incremento do 63,1 %; en relación co exercicio 22 medrou en 0,8 millóns de euros, por tanto, un 1,7 % en termos relativos. O peso compositivo do patrimonio neto ou recursos propios respecto dos recursos totais sitúase no 39,4 % en 2023.

Importante, a Corporación mantén os períodos de pagamento a provedores e acredores por operacións de trámite no límite dos 60 días legalmente establecido pero superándoo ou mellorándoo claramente. De feito, en 2023 o período medio de pagamento a provedores foi de 6 días; pensen que no 2022 foi de 14 días, no 21 de 22 días, no 20 de 20 días, no 19 de 20 días, no 18 de 36 días, e no 17 de 49 días. E aí a mellora substancial no período de pagamento, practicamente estamos xa operando en tempo real.

Sobre a situación financeira, nada especial que comentarlles que non poidan ver na documentación entregada; aí figuran as nosas posicións de Tesouraría, de liquidez, de solvencia. Todos os valores son bos, de pagamentos a provedores acabo xa de dicilo, e a evolución do endebedamento neto xa o expliquei tamén.

E arredor dos retos que temos —e remato xa—, na miña opinión, están centrados en realizar unha xestión do Servizo de Comunicación Audiovisual de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

con perspectiva estratéxica. Cómpre incorporar a xestión operativa a unha visión de permanente estado de cambio que precisa dun esforzo adicional para abordar os desafíos da transformación dixital asociada a unha crecente competitividade, mantendo as capacidades das marcas tradicionais TVG e Radio Galega e, simultaneamente, atendendo as necesidades crecentes dous vídeos dixitais.

A transformación organizativa implica xestionar os cadros laborais, a idade media das plantillas e aqueles aspectos que limitan o cambio; isto vai requirir de novos enfoques aliñados coas tendencias do consumo mediático, onde os perfís profesionais tenden a ser máis adaptables, flexibles, creativos e de xestión. Por conseguinte, as liñas de traballo suxiren un escenario tendente a repensar para redefinir o papel do servizo público media, onde os vectores —áxil, flexible, social, innovador, próximo, curioso, asentado nunha cultura de progreso e estratexia dinámica— son a clave do progreso competitivo.

A respecto dos estados de información non financeira de 2023, este estado de informativos configúrase como un dos elementos fundamentais da transparencia, unha relevancia cada vez maior polos beneficios que achega no ámbito da xestión. Trátase, en definitiva, dun dos procesos máis importantes que acredita unha metodoloxía de transparencia organizacional.

Estes documentos, como poderán observar na súa lectura, son un documento vivo que segue unha tendencia de progreso no sentido de que se ampliaron os contidos de determinados aspectos das áreas de información específica.

E máis nada, porque podería describir como é todo este proceso evolutivo que temos por diante, pero iso seguro que será motivo de sucesivas comparecencias.

E máis nada, señora presidenta.

E grazas pola paciencia de escoitarme.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Grazas, señor Sánchez Izquierdo, pola súa exposición.

Polo Grupo Socialista e por un tempo de 10 minutos ten a palabra a señora Longueira.

A **señora Longueira Castro**: Grazas.

Bo día.

Bueno, claro, non sei como dicilo, porque, si, todo está estupendo, todas as auditorías, toda esta cuestión da información non financeira son documentos, evidentemente, correctos, con balances pechados; como xa explicou, todas as derivas

que teñen desa consolidación de hai anos. Pero non nos cadra en moitos aspectos do que se fala aquí co que é visiblemente a ollos de calquera que estea nesta sala ou fóra da mesma e saben o que está a acontecer na Televisión galega.

Por exemplo, non hai ningunha... vostedes falan nun apartado da información non financeira, por exemplo, información cualitativa, non contable. Está ben feito, teñen un proceso... está feito por bos profesionais, evidentemente. E falan vostedes, por exemplo, dun apartado de xestión do talento —no apartado 2.5— e a min sorpréndeme e ao Partido Socialista sorpréndenos moitísimo esta cuestión. Vostedes teñen nos seus venres negros moitísimo talento que eu creo que non xestionan, por exemplo.

Non sei como pode falar dunha xestión de talento ou dunha xestión de persoal cando non se recollen ningunha —insisto, información non financeira— de todas estas cuestións que están demandando todos os días os profesionais da Televisión de Galicia. Hai unha contradición entre esta mesma cuestión e o que estamos a ver, profesionais que están denunciando constantemente todo o que está a acontecer. E teñen un apartado específico onde falan precisamente desta xestión de talento, o papel sopórtao todo —iso xa o sabemos— e o papel ademais ten esa cuestión de transformar en oficial aquelas cousas que teñen unha non oficialidade pero si teñen unha cuestión de facto.

Entón nós queremos saber exactamente que supón esa xestión do talento, á marxe de todas estas cifras e de todas estas palabras de auditores profesionais que nos parezan correctas, evidentemente; pero ¿como se materializa ese tipo de xestión cando hai unha insatisfacción manifesta?, cando hai uns problemas, xa vexo que aquí aparecen unha serie de consolidación de postos de traballo, e é verdade é que agora xa ten outra serie de consolidacións e que se chegou a acordos para que se fagan. Pero non nos queda claro a que se refiren con xestión de talento cando posiblemente haxa unha baixada do mes do 60 % da produción propia da Televisión de Galicia.

Despois teñen vostedes outro apartado onde falan dunha enquisa sobre a calidade da imaxe da Televisión de Galicia, como se percibe esa calidade de televisión, como percibimos os cidadáns esa calidade de televisión nacional da comunidade autónoma. Din que o 53% —non nos queda claro ese 53 %— é maior que no ano anterior, pero ¿a que se refire con ese 53%? ¿Quere dicir que o outro 47 % estima que non ten unha imaxe de calidade a Televisión de Galicia? Non entendemos en que criterios está feita —digamos— esta enquisa, esta prospección, este estudo ou a esta estimación. En calquera caso, se soamente o 53 % estima que a imaxe de calidade da televisión de Galicia é boa, parécenos baixísimo, un 47 % estima que non o é.

Noutro apartado dise que o 47 % estima —supoñemos— que a Televisión de Galicia é unha televisión moderna, quere dicir entón que o 53 % estima que non o é. Parécenos tamén que o dato pon de manifesto que algo non está ben; que todos sabemos que isto non está ben, baixamos un 30 % en audiencia; pero como os números son os

PARLAMENTO DE GALICIA

que nos van poñer sobre o camiño, ¿como podemos dicir que estamos... —falaba vostede de intelixencia artificial, de I+D+i, de xestión, de talento— pero é que o 53 % —segundo esta enquisa— considera que non é unha televisión moderna?.

Despois hai outra percepción que aquí nos parece a pedra angular da Televisión de Galicia, porque é verdade que ten unha serie de cumprimentos que ten que establecer, o entretemento é un deles, pero a información é a pedra angular de todo isto. Sobre todo porque esta información que se está xerando e que está pasando aos arquivos e que está sendo custodiada nesta televisión —esta información que se elabora, que se distribúe e que temos que visualizar despois os telespectadores—, esta información vai formar parte do que é o arquivo desta sociedade contemporánea. E a Televisión de Galicia ten aí un papel fundamental: se non o recolle a televisión, ¿quen o vai recoller? Xa sabemos que ten un departamento documental con serios documentalistas e que traballan, pero non me estou a referir a iso, estoume a referir da parcialidade das informacións, da percepción de que non son serios aos informativos, un terzo desa enquisa considera que estes informativos non son serios. É dicir, que a información que se está consumindo a través das pantallas pois ten eivas —como todos sabemos—, e son informativos que na súa maior parte están sesgados en tempos formas.

Por non falar dos informativos da radio, se un pode escoitar un magazine da Radio Galega durante toda a mañá pero o que fan os cortes para os informativos, hai veces que nos informativos non estamos sabendo estamos dando a información ou estamos falando da empanada de Arzúa. E entón transmútanse esas informacións, non teñen un rigor, non teñen un discurso armado dentro do que se entende por información; e, polo tanto, un percibe que aquilo non é serio. De xeito, o mesmo ao presentador que está facendo unha información está arrastrando durante todo o informativo unha serie de informacións —insisto— non suxeitas a un discurso; cando todos sabemos que cando un plantexa un informativo ten que ter un discurso e —seriedade non é a palabra— un constructo que nos estea mandando a información. Pois moitas veces estas cuestións quedan diluídas e que en nós nin sequera teñan unha percepción. O cal, que un terzo —que xa me parece ben... paréceme non suficiente, pero paréceme alto nunha enquisa—, supoño que non o consideran serio; porque non nos queda claro, se un terzo considera que isto non é serio, creo que temos un problema.

Despois falan dunha programación diversa. Vostede falou dunha programación diversa, tamén faise aquí unha enquisa; bueno, pois parece ser que o 45 % considera que non hai unha programación diversa. Creo que tamén temos outro problema, posiblemente non se estea falando desa baixada de audiencia —por tocar un tema—, porque, evidentemente, este tema da Televisión de Galicia é un tema amplo, non só falamos da cuestión económica, senón que falamos da información non financeira, pero que se traduce na outra. Quero dicir, un pode empregar os medios económicos que entendemos que están perfectamente estruturados porque estamos nun ente público, pero esa estrutura económica vai devir despois nesta información non financeira que é ao final o cualitativo de toda esta cuestión e a que realmente nos interesa, que esteamos falando dunha televisión que cumpre co seu cometido.

PARLAMENTO DE GALICIA

Informan despois nun apartado —no apartado 5— da información cultural distinta a outras canles. Bueno, pois un 42 % pensa que non hai, ou sexa que hai un déficit de información cultural propia. A min paréceme tamén salientable que haxa ese déficit do 42 %, se soamente o 58 % pensa que ten unha formación cultural propia.

Pero despois a cuestión que nos parece que aí nos determina e que é o eixo fundamental, porque ao final —volvo repetir— non soamente somos un repositorio de documentación para o que vai vir detrás, vannos a analizar dentro de 40, 50, 60 anos ou mesmo agora se o queremos facer dalgún xeito, pero temos a obriga de deixar un documento do que somos neste momento, nesta contemporaneidade. Pois moi ben, aquí falamos no apartado 8 da audiencia da canle, poñemos a TV3 cun 13,9 % de audiencia e poñemos a TVG cun 11 %, hai unha diferenza notable; pero podemos pensar que en Cataluña abondan máis no seu ou que teñen unha estratexia de país diferente á nosa —moito máis eficaz, por certo—, pero é que a TV3 é a principal cadea de Cataluña, é a principal cadea ao lado de todas as outras cadeas coas que compite, e nós non. Podemos pensar, porque hai un dato da TV2 que ten o 8 % e, polo tanto, está por debaixo da TVG; pero é que teñen catro canles no País Vasco, e teñen o 13,2 % da cota.

É dicir, estamos nunha situación de total inferioridade, a non ser que nós queiramos facer a comparativa con Televisión de Madrid ou con Aragón, pero eu creo que non estamos niso. Eu creo que estamos na sorte de ter unha televisión, unha corporación propia, cunha lingua propia, cunha cultura propia e que, basicamente —volvo repetir que me parece o máis importante de todo isto—, son os encargados de recoller o que somos neste momento.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Señora Longueira, ten que ir rematando, por favor.

A **señora Longueira Castro**: Vale.

E, por último, teñan outra cuestión que é...

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Moi brevemente porque xa leva pasado o tempo.

A **señora Longueira Castro**: ...—vale— pois a comparación dos segmentos de poboación; pero diso, para non ser mala parlamentaria, deixo paso e falaremos máis adiante.

Grazas.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Ten unha segunda quenda.

PARLAMENTO DE GALICIA

E agora dámoslle a palabra, por un tempo tamén de 10 minutos, polo grupo do Bloque Nacionalista Galego, á señora Fernández Gómez.

A **señora Fernández Gómez**: Moi bo día.

Dixo vostede ao inicio da súa comparecencia que esta é moi aburrida porque non ten narrativa. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Narrativa —díxoo vostede—, dixo que non había narrativa, que isto ía de contas. Iso é probablemente o que a vostede lle gustaría que fose esta Comisión: falar de balance contable, dos cartos que entran polos cartos que saen, e se cadran as contas. Pero é que os investimentos serven para un proxecto específico e claro que hai unha narrativa moi clara.

Logo tamén a súa intervención foi bastante clarificadora do punto no que estamos agora mesmo. Vostede quixo colocar estas contas no marco dun ciclo de 2009-2023, á diferenza doutras ocasións nas que quizais se limitaba máis a dar as contas concretas dese ano, e cremos que ten sentido porque probablemente estas sexan as contas dun final de etapa. É moi probable que esteamos ante o último balance de contas que presenta este director xeral. Hai rumores de que en breves podería ver a luz unha nova lei e que o seu mandato caducado, prorrogado contra o que marca a actual lexislación chegue ao seu fin. Por tanto, cómpre efectivamente unha lectura non só en termos anuais, senón do seu ciclo á fronte da CRTVG —asinta—.

En termos cuantitativos, estas contas enmárcanse nunha estratexia sostida ao longo de toda a súa etapa para facer máis pequena a Corporación, para reducila e para aplacar sistematicamente o gran potencial que teñen os medios públicos. Dende o ano 2009, houbo un recorte orzamentario do 21 %. No anterior exercicio investiuse 31 millóns de euros menos ca entón e iso non é un exercicio de eficiencia, porque eficiencia sería con menos cartos conseguir os mesmos obxectivos e ter a mesma calidade. Houbo un proceso de degradación e un continuo baleiramento da Corporación, comezando polas persoas que forman parte e que son a alma da Corporación, os seus traballadores e traballadoras. Nestas contas hai o mesmo o gasto en persoal que no ano 2009, pero o persoal baixou de 996 a 883, a cifra máis baixa ademais de toda esta serie histórica. Levan unha década de caída en caída, ano tras ano, do persoal que forma a Corporación, e nesta memoria descríbense a este recorte como o manifesto compromiso corporativo con manter unha coherencia dos custos de explotación.

Señor Izquierdo, estes son recortes nos cadros de persoal que desembocaron nunha externalización e nunha continua perda de calidade da Corporación; esta perda reflíctese, por exemplo, nas desconexións territoriais. Vostedes cargáronse esas desconexións territoriais, continúan a minguar as delegacións, e ademais utilizando todo este proceso de dixitalización como unha escusa para levalo adiante. E o que foi quedando —o pouco que foi quedando dese baleiramento—, o que fixeron foi sistematicamente ilo externalizando, baleiraron a tal punto a Corporación que acabaron case por completo coas producións propias, que foron substituídas case definitivamente

PARLAMENTO DE GALICIA

por esta chamada produción propia externa, que case é un atentado contra a semántica e un insulto á intelixencia.

Chegaron a tal punto que están externalizando neste momento servizos vinculados cos informativos que por lei teñen que ser producidos desde o ente público. ¿Vostede cre que é unha boa xestión subcontratar unidades móbiles mentres teñen eses recursos propios dentro da propia Corporación? É que nin tan sequera nas novas funcións que van xurdindo aparelladas á dixitalización se está confiando no propio persoal. E aí temos o exemplo recente desa externalización dos servizos ligados á nova pantalla que puxeron en marcha que nin tan sequera se lle está asignando ao propio persoal; sistematicamente vanse externalizando todos os servizos e a Corporación vai quedando cada vez máis e máis pequena. ¿Como poden estar gabándose ademais dunha situación de superávit cando ao mesmo tempo sosteñen esta política de recortes? A xustificación que vostede fai cada ano destes recortes é que é unha cuestión de eficiencia. De feito, fala moitas veces do capítulo que fala, do custo por punto de share. Vostedes gábanse de que somos das televisións que menos inviste por punto de share, pero ¿saben quen inviste menos? As televisións que menos invisten por punto de share son Murcia, Asturias. ¿Cre vostede que estas televisións son mellores que as que máis invisten, que son Cataluña e Euskadi? ¿Cal é o modelo de referencia para este director, as mellores televisións ou as peores? Porque o seu argumento de eficiencia son recortes en persoal, en calidade, externalización, baleirado e converter a CRTVG nunha televisión de segunda división; que nos compare con esas televisións que menos invisten por punto de share.

Nós cremos noutro modelo no que investimento se traduza en calidade. E ademais levamos tempo advertindo que esta estratexia de recortes ía supor a medio prazo un gran dano reputacional para a marca da Corporación, algo que comeza a reflectirse nas audiencias.

No informe do ano pasado congratúlanse de ser a terceira televisión autonómica con máis audiencia, pero é que os datos do mes pasado xa sitúan á CRTVG na quinta posición en canto á televisión máis vista autonómica, despois de TV3, Aragón TV, ETV e Canal Sur. É dicir, que este ciclo que vostede iniciou baseado nos recortes, no empobrecemento da televisión, remata cristalizando tamén coas consecuencias da devaliación da imaxe de marca da CRTVG.

Dende o BNG consideramos que hai dous factores ademais que explican moi ben que é o que está pasando en termos de audiencia, un, que ten que ver cun problema grave de programación. Vemos una televisión cada vez máis volcada no espectáculo, cunha calidade máis que cuestionable, que traslada unha imaxe do país que non é real.

Se miramos á grella da CRTVG de cara ao verán, hai un monotema que son as festas; tres programas que levan no seu título a palabra «festa», que está moi ben, a festa está moi ben, pero é que cando monopolizan a parrilla acaban converténdoa nun

PARLAMENTO DE GALICIA

tema que agota e que soa a reseso. E non é só por falla de ideas senón que responde tamén a unha estratexia para ocultar todo o resto de temáticas porque pasan tamén máis cousas no país, pasan tamén cousas alegres, bonitas no país como, por exemplo, unha gran axenda cultural que estea invisibilizada; temos xente que produce coñecemento, que ten moitísimas cousas que dicir, que non ten espazo nos medios. E tamén pasan cousas menos bonitas, pasan cousas feas neste país; tamén hai conflitos sociais, hai conflitos ambientais que lle preocupan á sociedade e que nunca teñan voz. A non ser, iso si, que sexa imprescindible dar voz á versión oficial do Goberno sobre un determinado asunto ou a uns intereses privados que defende o Goberno da Xunta, como o caso que trouxemos na comisión anterior desa escandalosa entrevista á empresa Altri.

Non está a Galiza real dentro da grella da programación, só hai unha especie de verbena permanente que coloniza até os informativos que son capaces de avisarnos durante días de cal vai ser a próxima festividade para a que temos que prepararnos. Como pasou esta semana pasada co seguimento previo do San Xoán, totalmente desproporcionado, días avisándonos nos informativos de que o San Xoán entre nova e nova feliz sobre cifras de turismo.

Isto é unha verbena permanente que sirve ademais para que todo un plantel de personaxes de entretemento do panorama español que non suscitan o menor interese no noso país veñan aquí cobrar dos medios públicos galegos para vergoña de todos os que contribuímos a financiar os medios públicos.

Se queren atopar os motivos polo que as contas da pantalla da CRTVG están en caída libre —porque se están afundindo— están en parte aí, e a outra pata está na credibilidade, porque a manipulación informativa á que someten a Corporación acadou xa cotas insoportables.

Resulta evidente e machacona a inxerencia do Goberno que cada vez máis persoas acaban desconectando dos medios públicos, unha manipulación que ten ademais terribles consecuencias no cadro de persoal. É vergoñento que vostedes digan neste informe —bueno, fano ano tras ano e non se despeinan, de feito, creo que é un copia e pega de todos os informes de cada ano—, din que están moi comprometidos coa consecución dun ambiente laboral san e seguro; cando o ambiente vostede sabe que é absolutamente irrespirable por culpa das represalias continuas a traballadores e cando se multiplican as denuncias ano tras ano do persoal polo acoso que sofren, que non está disposto a pregarse á política de manipulación.

A súa etapa vai ser recordada pola degradación da calidade da televisión, polo incumprimento da misión de servizo público da CRTVG, polas represalias aos traballadores, por baleirar os medios de producións propias e ata o de agora a vostede só lle quedaba unha táboa de salvación, que eran as audiencias, era o único ao que se podía agarrar para vender algún balance positivo; e agora non ten nin táboa de salvación, afúndese. As audiencias afúndense. Esta situación ademais só se pode reflotar transitando o camiño inverso, comezando porque vostede saia, porque saian as

inxerencias políticas do Goberno, que saian as represalias do cadro de persoal, que saia esa estratexia de recrear un país en pequeno. Porque as contas cadran, pero o que non cadra é o seu proxecto triste coa realidade deste país.

Nada máis.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Moitas grazas.

Polo Grupo Popular ten a palabra tamén por un tempo de 10 minutos a señora Pomar Tojo.

A **señora Pomar Tojo**: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Bo día, señor director xeral, e benvido unha vez máis a esta Comisión de control.

Permítame só un pequeno apuntamento. É moi sorprendente escoitar a esta oposición reclamando imparcialidade, independencia, talento e creatividade. Señorías, saben que vostedes foron os cómplices de totalmente o contrario durante os anos do bipartito e creo que ademais aínda seguen nas súas filas persoas que ocuparon postos naquel momento.

Imos coas contas que é o que nos trae hoxe aquí, aínda que non o parece. Neste caso, temos unha sesión que, xunto coa presentación da memoria de servizo público que previsiblemente traeremos o mes que vén, é unha das máis importantes nesta Comisión de control da CRTVG, e o é porque nela se fai unha análise en detalle da xestión dos medios públicos galegos ao longo dun ano e dos resultados acadados.

Ademais, esta sesión de presentación das contas da Corporación ofrécenos a oportunidade de coñecer cal é a situación real da Corporación pública e como se está a xestionar en todos os seus aspectos. Isto permítenos desmontar con datos contrastados e auditados o relato que algúns constrúen sobre unha suposta CRTVG sumida no conflito permanente pese a que a que a realidade dista moito deste escenario de caos que describen.

A análise pormenorizada das contas presentadas en tempo e forma, por certo, é non menor unha forma que facilita moito a lectura con total transparencia e claridade. Dicía, a análise permítenos afirmar que estamos ante unha empresa ben administrada, saneada, con estabilidade laboral e con empregos de calidade; ante un medio de comunicación que ofrece información veraz á cidadanía galega con independencia e con criterios profesionais. O que temos que defender e apoiar máis que nunca nestes tempos nos que dende determinados sectores políticos se está a cuestionar

PARLAMENTO DE GALICIA

constantemente o papel dos xornalistas e preténdense tomar medidas de control e de censura para amordazalos.

Ante unha institución ben valorada socialmente, como indican todas as enquisas e informes, e que cómpre axeitadamente a súa función de servizo público, xogando un papel moi importante —eu diría que crucial— na promoción da nosa lingua e da nosa cultura —por certo, a ETB é en castelán, señora Longueira, non é en euskera— porque é quen de levalas grazas á súa continúa aposta pola vangarda tecnolóxica a calquera lugar do mundo.

Estamos ante o motor dun sector dinámico, como é o audiovisual galego, e que goza de prestixio internacional, segundo o informe do Observatorio da Cultura Galega, dependente do Consello da Cultura Galega. Sobre o sector audiovisual en Galicia, no 2023, no que medraron o emprego, os ingresos de explotación, a asistencia ás salas de cine e o consumo televisivo. Atópase, polo tanto —e segundo este informe—, nun bo momento non só artístico, senón tamén económico.

Parabéns ao director xeral; pero, bueno, parabéns ao director xeral e a todo o seu equipo directivo e a todos os traballadores e traballadoras por este balance tan positivo. Uns resultados que son a mellor garantía de futuro para os medios públicos galegos. Convén non esquecer cal era o punto de partida, referiuse o director xeral brevemente a algún aspecto, pero eu quererría subliñar algún máis. Unha compañía que no 2008 presentaba unhas contas que, segundo os informes de auditoría, non ofrecían unha imaxe fiel da súa situación financeira e patrimonial, polo que tiveron que ser revogadas e reformuladas. Hoxe —e van xa 15 anos, señorías—, o director xeral trae ante esta Comisión unhas contas que pechan con superávit, nesta ocasión por importe de 2,1 millóns de euros fronte á gran débeda do 2009. Reflicten como se ten saneado máis do 80 % do déficit por remanentes negativos de Tesouraría non orzados que deixou o director xeral da CRTVG bipartita, que sumaban 51 millóns de euros —señorías, 51 millóns de euros—. Unhas contas que dende o 2013 non teñen débeda bancaria, fronte aos 32,5 millóns aos que chegaba no 2008. Unhas contas que —como vostede apuntaba, señor Sánchez Izquierdo— ven un incremento no patrimonio neto en 19 millóns de euros dende o ano 2009 ata o pasado ano 23, o que en termos porcentuais supón un 63,1 %.

Subliñar tamén que son estas unhas contas que viron como prazo medio de pago a provedores —que tamén vostede apuntou este dato— diminuía de máis de 6 meses, 6 meses no 2009 aos 6 días no 2023. E cabe mencionar un ano máis esas controversias que mantén a CRTVG coa Axencia Tributaria —que non son menores— como sobre o IVE, das que nos ten informado ademais o director xeral nesta Comisión varias veces polas súas repercusións na xestión da Corporación. Non é unha problemática que impacte só sobre a Corporación galega, xa que está a afectar tamén a outras televisións autonómicas. Ademais, é unha cuestión que vén de longo, con criterios cambiantes que mudan constantemente por parte da Axencia Tributaria e pendente de resolucións xudiciais. Pero pola súa contía, xa que dende o 16 ata o ano 23

PARLAMENTO DE GALICIA

supón máis de 93 millóns de euros e pola incerteza que implica é preciso facer alusión a ela.

Grazas ao compromiso da Xunta de Galicia cos medios públicos de comunicación foi posible atopar as fórmulas máis axeitadas para facer fronte a esta difícil situación. Primeiro, foi a través de convenios; e despois, dende o ano 22, cunha dotación específica nos orzamentos. No ano 2023 foi da orde dos 11 millóns de euros, cunha partida a maiores dos case 108 millóns de euros de achega patrimonial e os 250.000 euros de subvención de capital.

As contas reflicten que ás compras e servizos exteriores se destinaron 56,2 millóns de euros, unha das grandes partidas do orzamento da CRTVG, que confirma o seu papel dinamizador do sector audiovisual; e con respecto ao 2022, o capítulo das compras incrementouse en case 3 millóns de euros. A outra gran partida, a de gastos de persoal, que supuxo 52,8 millóns de euros, máis de 1,5 millóns de euros por riba das cifras do ano anterior.

O custo laboral medio por traballador elévase aos 58.295 euros, e no 2022, este custo medio foi de 55.975 euros. Cabe salientar —o que foi xa comentado polo director xeral— que actual dirección ten dado moitos pasos para a estabilización do seu persoal, algo que vostedes subestiman e incluso ningunean falando doutros aspectos que non teñen nada que ver. No 2009 a temporalidade chegaba ao 40 %, señorías —o 40 %— e a litioxidade non paraba de medrar nunha situación case insostible. A CRTVG pechou no 23 cun número de traballadores de 873, dos que o 77,4 son fixos ou indefinidos, e máis de 760 procesos estaban abertos ante a xurisdición laboral cando chegou o actual equipo; pero a amnesia selectiva é moi recorrente.

As resolucións xudiciais ao longo destes anos que declaran a existencia de relacións laborais indefinidas refírense case na súa totalidade a contratacións iniciadas antes esta chegada do actual equipo. Esta é a realidade sobre a litixiosidade da CRTVG que agochan constantemente os grupos da oposición cando reprochan ao director xeral a morea de sentenzas sobre reclamacións dos traballadores por cuestións laborais. Cando o que fixo foi sanear unha situación herdada ao tempo que acababa co modelo anterior de delegacións e internalizaba os profesionais que traballaban nela.

Señorías, ¿saben vostedes canto ascendeu o custo polas numerosas demandas por cesión ilegal de traballadores? ¿Sábeno? Pois nada máis e nada menos que 36 millóns de euros que tivo que afrontar o equipo que encabeza o señor Sánchez Izquierdo, pese a que a responsabilidade destas decisións, as decisións que levaron a este escenario, non era súa senón do seu predecesor no cargo. É moi fácil agochar os datos para defender un relato fake.

No 2012 desenvolveuse un proceso extraordinario de consolidación de emprego para a 193 prazas. Nos últimos tres anos tense ofertado preto de 300, que supoñen o 35 % do seu cadro de persoal. Miren, cando culminen todos estes procesos

que agora están en marcha estará estabilizada a práctica totalidade do seu cadro de persoal.

Estas son as cifras obxectivas, fiables, claras e transparentes, que tanto a nivel económico-financeiro como a nivel de recursos humanos confirman unha xestión eficiente dunha corporación pública de gran valor social. Unha xestión que compatibiliza unha administración rigorosa e austera cun servizo público que ofrece información, formación e entretemento. Unha programación competitiva e variada para públicos diferentes de todas as idades, que é capaz de adaptarse aos novos xeitos de consumo dos espectadores. Por iso, a comezos deste ano puxo en marcha a plataforma OTT A Galega para chegar a novos públicos ao tempo que afianza as súas audiencias máis fieis. Unha OTT que opera xa con tres marcas: a Galega, a Galega Audio e o xabarín integramente con contidos infantís. Unha OTT que conta xa cun amplo seguimento, aínda que apenas leva seis meses en funcionamento, como nos informou o director xeral precisamente na sesión de control anterior a esta sesión.

A plataforma dixital chega a máis de 190 países e ofrece máis de 13.000 contidos de forma gratuíta en galego, o que demostra o seu importante papel na difusión da nosa lingua e da nosa cultura, e ademais está situada entre as 20 primeiras de España.

E no 2008 pensar que a TVG e a G2 estaban no cuarto lugar en resultados de audiencia no ámbito galego, no 2023 situáronse como as segundas en Galicia. Liderado en Galicia —segundo o estudo xeral de medios— entre todas as televisións autonómicas: a Radio Galega, 144.000 oíntes; e a Radio Galega Música, 25.000; suma de 169.000 oíntes, nada máis e nada menos.

Remato xa presidenta, como dicía ao principio. Hoxe máis que nunca son necesarios medios de comunicación que ofrezan un xornalismo de valor público, como é o caso da CRTVG, por moito que desde algúns sectores se intente desacreditar os profesionais da Corporación só con fins partidistas co obxecto de presionar e intimidar. Todas as enquisas e estudos de comunicación coinciden...

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Señora Pomar.

A **señora Pomar Tojo**: ... —remato— no recoñecemento de que gozan os medios públicos entre galegos e galegas, e ademais —e estamos falando de contas— cústalles menos que na etapa do bipartito.

Por agora, máis nada e moitas grazas.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Grazas, señora Pomar.

Para o turno de réplica, e por un tempo de 10 minutos, dámoslle a palabra ao señor Sánchez Izquierdo de novo.

PARLAMENTO DE GALICIA

O **señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia (Sánchez Izquierdo):** Si, señora presidenta. Breve, brevemente.

Isto, son xa moitos anos de presentación das contas nesta Cámara, e teño que recoñecer que sempre unha certa frustración porque veño ao presentar unhas contas e fálase de todo menos das contas. Pero, bueno, xa sei que é así e por tanto asúmoo xa con naturalidade aínda que cunha certa frustración persoal, porque detrás das contas —como poden imaxinar— hai moitísimo traballo.

Pero si que me gustaría facer algunhas observacións respecto dalgunhas das cousas que escoitei agora das señorías. E a primeira delas ten que ver con algunha consideración que fixo a señoría Longueira arredor dun descontento xeneralizado entre o persoal da CRTVG e eu aí nego a maior e nego a maior porque non é así. É dicir, o grao de satisfacción polos estudos que nós temos do colectivo profesional que traballa na CRTVG é alto; certamente, hai minorías incómodas —certamente— e moi activas, e é lóxico que sexa así, e ademais non está mal que sexa así. Pero nun colectivo de máis menos de 1.000 traballadores que haxa unha minoría incómoda ou descontenta é algo plenamente comprensible. Pero que o clima non é irrespirable amosa os bos resultados; se o clima fora irrespirable, se o conxunto dos traballadores estivera absolutamente desacougado non poderiamos obter os resultados que obtemos que son francamente positivos. Iso quere dicir que hai unha aportación moi relevante e moi significativa do colectivo profesional que traballa na CRTVG.

E iso quere dicir tamén que recoñecemos o talento deses traballadores, porque se non recoñeceramos o talento e se non o potenciaramos non podería ter lugar o proceso acumulativo histórico de melloras constantes. Nós implementamos novos servizos dixitais; nós implementamos novos sistemas de produción informático, tanto en informativos como na área de programas; nós desenvolvemos e despregamos actividades en redes sociais e noutras plataformas, etcétera. E todo iso fíxose coas persoas da CRTVG que melloraron as súas capacidades, a súa capacitación potenciouse a través de sistemas de formación, etcétera; por tanto, unha cousa e a contraria é imposible sostelas simultaneamente.

Arredor da avaliación social da calidade da CRTVG por parte da sociedade galega. Bueno, en primeiro lugar, se non existira a información que nós damos, non sería de coñecemento de todos nós; e nós somos tan transparentes que o facemos público e ademais interésanos moitísimo o que di a sociedade galega. E vostede —permítame que llo diga— fai unha lectura bastante parcial de cal é a consideración que a sociedade galega ten do sistema público de comunicación en Galicia. Máis do 90 % dos galegos e das galegas recoñécense na TVG, pensan que é o seu sistema de comunicación propio, pensan que reflicte moi ben o que é a identidade do país, da súa lingua, da súa cultura —iso non o digo eu, dino os informes que ten vostede aí—. Pero é que esa mesma sociedade galega pensa —máis do 70 %— que a TVG cumpre coa súa misión de servizo público. Máis do 70, case o 80 %, entenden que a TVG ten unha altísima notoriedade social e económica. Practicamente, 7 de cada 10 teñen unha marca

PARLAMENTO DE GALICIA

positiva da TVG, teñen unha consideración positiva dela, máis de 8 de cada 10 pensan que a TVG é socialmente útil, e ademais non lles parece mal o que costa a CRTVG; e máis de dous terzos da poboación séguennos regularmente. É dicir, son valores moi altos, moi altos especialmente en termos comparativos cos valores que obteñen outros sistemas públicos de comunicación, por exemplo no Estado, o en Europa, son niveis moi altos.

Vostede fai fincapé en que hai unha polarización moi alta arredor do valor dos informativos da Televisión de Galicia nesta enquisa, e é que non pode ser doutra forma, señoría, non pode ser doutra forma. Mentres no resto dos parámetros, o valor máximo de idoneidade está en 100, a avaliación que se fai dos servizos informativos calquera investigador social sabe que o valor de referencia idóneo é o 50 %. ¿E por que é o 50 % o valor idóneo de avaliación dos informativos dun medio de comunicación? Precisamente polo reflexo do demediada que está a sociedade e que é a sociedade, tanto a estatal como a galega; se imos aos resultados electorais vemos practicamente unha sociedade dividida ao 50 %. Por tanto, canto máis preto esteamos dese 50 % o noso valor de referencia é o idóneo; sería moi serio que estiveramos en valores de aceptación do 70 %, porque iso quererría dicir que estás votando por fóra o 30 % restante. É dicir, que por tanto consideremos tamén o valor dese tipo de datos que vostede lle trasladou á Cámara.

Señoría Fernández, realmente estou sorprendido de con que celeridade sacou vostede o tema das audiencias da TVG para algo que escoitei reiteradamente deste grupo que se iso non tiña ningunha importancia. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Pero eu escoiteino aquí na Cámara, (Murmurios.) que iso non tiña ningunha importancia, que as audiencias da TVG non tiñan ningunha importancia. E, sen embargo, este director xeral sempre dicía: miren, sen audiencias non hai servizo público. Pero, bueno, falarémolo agora que creo que haberá unha pregunta específica dedicada a esta cuestión; así que, se me permite, non lle vou responder a esta cuestión polo de agora. Unicamente, chámame a atención a celeridade nunha sesión de rendición de contas como sae este tema de xeito prioritario.

Pero vaiamos a outras cuestións. A avaliación arredor do que nós facemos e a avaliación que a sociedade galega fai das nosas capacidades e dos nosos resultados. Pois insisto no que acabo de dicirlle á señora Longueira —o mesmo—, os datos son os que son e están aí. E a sociedade galega está arredor do que fai a Televisión de Galicia e a Radio Galega moito máis satisfeita que o contrario; dende logo, moito máis satisfeita do que vostede subliña e contrasta.

Vostede pon en cuestión a eficacia da xestión desta dirección xeral, obviamente está no seu dereito. Pero, imos ver, ¿como medimos a eficacia e que valores son os que temos que medir? Vostede fixo unha referencia ao custo por punto de audiencia, ese é un dato relevante, súper relevante, onde a TVG está perfectamente posicionada. Claro, vostede non me pode comparar o custo de audiencia por punto de share coa Televisión de Murcia, ou coa Televisión de Estremadura; obviamente, non,

porque teñen uns recursos orzamentarios moi pequenos. E nese senso tampouco ten especial sentido que vostede faga unha referencia compartida, por exemplo, que a Televisión catalá, con TV3, que ten tres ou catro veces —case catro veces máis— de orzamento que temos nós; é como se mo compara con Televisión Española, que ten 11 veces máis do orzamento que nós. Pero si que ten moita importancia cal é o custo por punto de audiencia para saber cal é a eficacia e o funcionamento e os resultados dunha organización.

Arredor do ambiente irrespirable no colectivo profesional. Insisto, se fose un ambiente tan irrespirable non poderiamos acadar os resultados que acadamos. É que acabo de darlles un dato de que estamos dando 29 servizos dixitais distintos, por exemplo. ¿Pensa vostede que nun ambiente irrespirable dun colectivo profesional desacougado, desmotivado e desmoralizado, poderiamos acadar os resultados que acadamos? ¡De ningunha das maneiras! De ningunha das maneiras, sería absolutamente imposible se non o fixeramos coa complicidade coa maioría dos traballadores e das traballadoras da CRTVG. ¿Que hai unha minoría incómoda?, si, como en calquera outra organización; pero no converta a parte no maior, no total, non ten ningún sentido.

Por certo, ademais dígolle unha cousa, señoría Fernández, o que vostedes din arredor deste ambiente irrespirable non lle gusta ao colectivo profesional de alí, non aos directivos, non lles gusta aos traballadores; a algúns si, estarán encantados, e diranlle: moi ben; moi ben, señoría, o que dixo vostede no Parlamento o outro día. Eu dígolle que maioritariamente ao colectivo non lle gusta nada que se traslade que a CRTVG é unha casa de vida irrespirable, cando é todo o contrario.

Señoría Pomar, o que vostede di é ben certo practicamente en todo, pero si que me gustaría anotar dúas cuestións do que dixo. Unha delas, o balance do resultado actual do sector audiovisual de Galicia, no que a TVG tivo un valor fundamental no despregue e crecemento deste sector, onde diriamos que temos un comportamento a data de hoxe como sociedade galega exemplar. E ao sector audiovisual hai que recoñecerlle a enorme en progresión que tivo ao longo destas décadas; ten nalgúns puntos de febleza que eles coñecen ben e dos que temos falado tamén, pero nun balance de suma resta o sector audiovisual de Galicia fixo unha progresión fantástica. E nesa progresión fantástica unha das mellores cousas que sucedeu foi que hai xa produtoras da Televisión de Galicia que poden vivir á marxe da TVG. E para min iso non é unha eiva, é un éxito colectivo de que haxa produtoras de televisión que se manteñen xa perfectamente na súa conta de resultados á marxe das aportacións da CRTVG, hai outras que aínda non e que están crecendo —e xa remato, señora presidenta—.

Tamén da intervención de señoría Pomar quererría isto recoller, recoñecer e sinalar especialmente o valor público que fai a CRTVG.

Máis nada, señora presidenta.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Grazas, señor Sánchez Izquierdo.

Para o turno de aclaracións ten a palabra por un tempo de 5 minutos a señora Longueira.

A **señora Longueira Castro**: Grazas, presidenta.

Señor Sánchez Izquierdo, eu téñolle moito aprecio profesional —dígollo en serio—, (O señor Sánchez Izquierdo pronuncia palabras que non se perciben.) eu son licenciada en Historia, pero son xornalista, teño o carné de xornalista e cando comecei traballar nos medios de comunicación vostede xa era unha referencia, (O señor Sánchez Izquierdo: moitas grazas.) entón profesionalmente eu non llo podo dicir nada. Pero, mire, nun ambiente irrespirable pódese traballar e faise —e fíxeno eu—, e non che queda outra —e fíxeno eu e fíxoo máis xente—; eu, en concreto, despois de sufrir un acoso do Partido Popular por un despido nulo que tiven que ser readmitida. E traballei durante moitos anos nun ambiente irrespirable e fixen un traballo moi bo porque non me quedaba outra e porque son unha persoa responsable. Entón, eu xa lle digo desde o afecto, pódese traballar e faino moitísima xente, moitísima xente desgraciadamente; iso non é óbice para que non deixen de pasar certas cousas, a vida é así e estamos nunha sociedade que é así; e entón isto é porque moitas veces é irrenunciable porque hai que comer, basicamente, e a xente faino, despois pasan outras cousas, e digo que a xente o fai e dá de si o mellor que ten.

E eu non trato aquí de desacreditar a ningún profesional —vamos, ¡Deus me aparte!—, eu non vou desacreditar a ninguén, a xente fai o que pode co que ten —fai o que pode co que ten—. E de feito, cando non se contou na Televisión de Galicia cos profesionais, as Pantallas do Plató 300 non cabían dentro porque non se lle preguntou a quen lle había que preguntar e houbo que facer outro tipo de modificacións; e non sei a onde foron a parar as pantallas pero iso pasou. E moitas veces non se conta cos profesionais que están moi formados porque, entre outras cousas, por exemplo, na Coruña hai unha escola marabillosa que se chama Escola de Imaxe e Son de onde saen de aí magníficos profesionais, moitos deles non audiovisual acadan premios e están moi valorados; e moitos traballan a TVG, e claro que están ben formados e saben perfectamente o que fan, pero moitas veces por moitas cuestións todos sabemos como é isto —e vostede unha persoa intelixente e sabe como se fai— pois as cousas acaban sendo como son.

Pero con respecto aos datos —unha aclaración—, hai unha cuestión quen non me deu tempo a comentar antes e que está aquí, na tabla 11. Vostede falaba de ese 90 % da poboación que se ve reflectida na Televisión de Galicia, pero é que resulta que o sesgo da poboación —hai dous grupos— son maiores de 65 e en poboacións de menos de 10.000 habitantes, iso é a expectación que ten a galega; quere dicir, iso é —digamos— o tecido no que se move de espectadores, entón evidentemente é sesgado. Eu non me vexo reflectida na Televisión de Galicia, a miña xeración tampouco se ve reflectida, e son do baby boom. Entón non é así, quero dicir, os datos vostede manéxaos moi ben, vostede dirixiu un periódico e xa sabe como se fai iso. Manéxaos moi ben,

pero a realidade é esa, é que está sesgada, non é unha canle. ¿E ten unha internacionalización? Si, eu teño amigos no País Vasco que se reunían para ver o Luar, e en Bos Aires, claro que si; pero iso non quere dicir nada, que dicir que era un programa que dalgunha maneira entrou no mainstream e considérase xa unha cuestión de culto por unha serie de casualidades que moitas veces pasa que xa sabemos como isto. Pero iso non ten que ver co que —volvo dicir— para min é unha cuestión troncal, o serio disto para min é que somos os responsables de gardar un repositorio informativo da realidade galega, e non se está facendo.

E as contas, a min, sinceramente, cando dixo por aquí a señora... —perdón, non me vai saír o nome— a señoría do Partido Popular, Pomar; dixo que se gastaba, que ademais se daba servizo público e que se gastaba menos. Pois, oia, non me parece que unha televisión pública teña que vanagloriarse de gastar menos, non me parece que iso sexa un dato; nin a Seguridade Social ten que vanagloriarse de gastar menos, nin Educación ten que vanagloriarse de gastar menos, nin a televisión tampouco; outra cousa é outra serie de motivos.

E tamén voulle dicir unha cousiña: hai vida despois do 2009, hai vida, e antes tamén porque, mire, aquí había unha televisión marabillosa nos 80 —vostedes igual son máis xoves ca min—; quero lembrar aquí a Chichi Campos, por exemplo, quero nomear aquí a programas como «Era visto». Unha cuestión transgresora, unha cuestión informativa meditada, nos inicios desta televisión foi marabilloso, e gobernaba o Partido Popular, pero tiñamos outra concepción. Ata que soubemos que nos manexamos moi ben os criterios os políticos a través dun sistema formativo, ata que soubemos iso e vimos que funcionaba ben practicamos una política de ferro. E vanme perdoar, a Emilio Pérez Touriño puxérono despois dunha matanza dun cocho, e apareceu así na Televisión de Galicia, e sabemos como funcionan as transposicións das imaxes.

Quero dicir —volvo repetirlle—, eu téñolle moito aprecio profesional, eu sei que vostede sabe, e vostede sabe como manexalo tamén, e isto é o que se fixo. Quero dicir, unha televisión, efectivamente gastamos menos —que ben, que listos somos—, unha televisión na que descendeu o 30 % de audiencia. A min si que me preocupa a audiencia porque sei que se a xente non ve o que somos capaces de facer é que non interesa, entón si que por moi pouco que gastemos estámolo gastando mal.

Falan vostedes de intelixencia artificial. Si, todos somos agora artificiais e intelixentes, xa o sabemos. Xa sabemos que hai fondos para facer todo isto, pero a cuestión é os profesionais, que se fixo unha transición da dixitalización en todo o sistema...

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Señora Longueira.

A **señora Longueira Castro**: ...que barreu a cuestión profesional. Pero, dito isto —o que lle dicía—, cada un fai o que pode para o que ten. Entón, eu imaxínome que coas directrices que vostede ten...

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Ten que ir rematando.

A **señora Longueira Castro**: ...fixo o que podía e supoño que lle estarán moi agradecidos.

Moitas grazas.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Grazas, señora Longueira.

Cinco minutos para a señora Fernández por un tempo de 5 minutos para a súa quenda de aclaración.

A **señora Fernández Gómez**: Grazas.

Ben, vostede fixo —como dicía antes— un relato sobre o ciclo que probablemente chega ao seu fin. E vostede quixo deixar aquí feito un relato de parte, de como ve vostede a situación, con bastantes eufemismos e con bastante manipulación do que é a realidade. E eu vou coller como proposta as etapas que vostede dixo que foi o que constituíu o seu paso pola dirección xeral e darlle unha tradución automática.

Vostede dixo que había unha primeira etapa, que consistía na etapa de axuste de contas e de un gran avance, a de 2009 a 2013. Ben, cando vostede di axuste, quere dicir recorte de persoal, porque o que fixeron foi comezar con esa política de sistemático empequenecemento dos cadros de persoal que foron o detonante desa merma de calidade —como dicía antes— de perda das desconexións territoriais e logo o progresivo é un recoñecemento das delegacións; entón, iso que vostede chama axuste foi perda de calidade.

E a outra pata desa etapa, que era o avance da Lei de medios —que vostede dixo— en realidade o que se puxo en marcha foi o contador de anos que vostedes levan incumprindo esa lei. ¿Que avance? ¿Que aprobaron unha lei? Está ben, nin sequera nós a compartimos. Está ben que aproben unha lei, pero é que non a cómpre. É que non se cómpre a misión de servizo público de cabo a rabo, hai un incumprimento da aprobación do Estatuto profesional —non sei porque non di nada ao respecto—, un incumprimento sobre a creación do Consello de Informativos que está previsto na lei, demais que é o único medio que non o ten, comparado con outras televisións autonómicas; bueno, a Radio-Televisión Española e as grandes autonómica téñena aprobada. Bueno, non se compare vostede cos últimos da cola —como dixo antes—, con Murcia e Asturias, para isto non.

PARLAMENTO DE GALICIA

Incumpren tamén un plan de igualdade, segue sen haber ese plan de igualdade, mentres temos que estar vindo mes tras mes aquí traendo casos e situacións claras de machismo dentro dos medios públicos, e vostede non fai nada o respecto, segue sen aprobarse ese Plan de igualdade. Incumpren a creación da Autoridade Audiovisual como un ente externo de control do sector audiovisual e que vostede encarna na súa propia persoa o cumprimento da lei manténdose no cargo co mandato caducado. É dicir, ¿que avance nos pretende vostede vender dese primeiro período se dende entón non fixeron nada para dar cumprimento á propia lei?

Logo hai unha segunda etapa que vostede di de xestión máis eficiente, bueno, traduzo: de menor investimento nos medios públicos de toda a serie. Iso é o que vostede chama a mellor xestión. Eu o que non entendo é como pode ser que un director faga gala sistematicamente de que os mellores momentos de xestión teñen que ver co peor momento en canto a dotación orzamentaria. Unha cousa é xestionar ben e outra é ter unha vocación de xestionar pouquiño para levar a televisión a ser unha cousa moi pequena, que iso son cousas distintas; e vostede nesta etapa o que fixo foi iso, xestionar pouco para levar a Televisión a ser cada vez menos.

E hai unha terceira etapa que dende logo o marco púxoo unha situación de conflito laboral, que dicía vostede: son unha parte dos traballadores. Home, a ver, que ata o Colexio de Xornalistas de Galicia sacou un comunicado público dicindo que está moi preocupado polo clima laboral que se vive dentro da Corporación. ¿Esa é unha parte minoritaria dos xornalistas, o Colexio de Xornalistas deste país?

E claro, vostede dedicouse a unha política de acoso aos traballadores. Hai sentenzas incluso non só co que ten que ver coas represalias directas, esa Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia escandalosa por vulneración de dereitos fundamentais no caso de Carlos. Pero hai outras que teñen que ver tamén, segundo informacións publicadas, entre o 60 e o 70 % da plantilla tiveron que acudir nalgún momento aos tribunais para reclamar os seus dereitos, que é unha sistemática por parte da Corporación obrigar ao persoal a sufrir un grande... bueno, a enfrontarse durante anos á propia Corporación e a custear uns procesos que se dilatan para reivindicar dereitos que son seus.

Vostede tamén foi responsable nesa época de incluso intentar rebentar as xornadas feministas do 8M. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia considera que a dirección intentaron rebentar esa xornadas impoñendo uns servizos mínimos abusivos. E o peor de todo o que isto lle saíu moi barato porque todo isto se financiou a custa das arcas públicas porque esas indemnizacións pois ao final acabamos pagando todos e todas.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Ten que ir rematando, señora Fernández.

A **señora Fernández Gómez**: A vostede sáelle moi barato gobernar así a CRTVG. En definitiva, esta etapa foi a dunha dirección que escalou o conflito ata unha situación insostible que non ten saída.

E logo que vostede me diga aquí que a enquisa di que a Televisión vai moi ben, home, a ver, depende como fagas as preguntas...

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Señora Fernández, ten que ir rematando.

A **señora Fernández Gómez**: ...—acabo xa—. Se ti fas preguntas do tipo: ¿É a canle da miña comunidade? Home, un 91 % de xente considera que si. ¿Podo deixar tranquilos os nenos véndoa porque é de confianza? ¡Home, esperemos que si! Claro, esperemos que non se coma ningún neno. Pero, claro, se xa imos ás preguntas, ás máis complicadas, di: ¿É unha canle de alta calidade? O 51 %, é que a metade deste país pensa que non é unha canle de alta calidade. E xa non digamos se vostedes...

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Señora Fernández.

A **señora Fernández Gómez**: Acabo xa.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Leva 1 minuto e 15 de máis.

A **señora Fernández Gómez**: Se fosen facer preguntas algo máis complicadas como preguntar polo que está escrito na Lei de medios e se se cumpre coa misión de servizo público; como, por exemplo: ¿preserva a CRTVG a súa misión de preservar o pluralismo político? É que estas preguntas non están. É que igual así non sabemos exactamente que é o que está opinando a sociedade galega dos medios públicos.

Vostedes presentan aquí unha enquisa absolutamente distorsionada co sentir xeral da sociedade galega sobre o que está pasando coa marca e coa calidade dos servizos que presta a Corporación.

Nada máis.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Agora si. A señora Pomar por un tempo de 5 minutos.

Moitas grazas.

A **señora Pomar Tojo**: Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas por todas as súas aclaración, señor Sánchez, Izquierdo.

PARLAMENTO DE GALICIA

Señora Longueira, ¿vida antes e despois do bipartito?, pois si, moita e mellor, con gobernos do Partido Popular elixidos libremente pola maioría dos galegos e das galegas. (Murmurios.)

Por certo, eu dixen que aos galegos a CRTVG cústalles menos que no bipartito. En todo caso, non caia no erro, señora Longueira, da súa compañeira de filas, a exministra Calvo, que dicía que os cartos públicos non son de ninguén.

En fin, está claro, que algúns estamos aquí para falar de contas e outros para falar de contos; ou, o que é o mesmo, de bulos ou como se lles chama agora de fakes. Os que sempre formulan unha morea de acusacións de manipulación contra a CRTVG son precisamente os que de verdade manipulan. Seguindo as teses, as teses do ideólogo, de Donald Trump, o señor Steve Bannon, cando sostén que non hai mentiras senón feitos alternativos, grande eufemismo. Dos que ao igual que fai el, intentan deslexitimar aos medios de comunicación, hostigan e sinalan os xornalistas.

Este ano a CRTVG deu cobertura informativa á campaña electoral das eleccións galegas e á das europeas. Calquera partido pode recorrer ante a Xunta Electoral se aprecia algún tipo de manipulación nos contidos por parte da CRTVG; pero, á diferenza do que ocorría na etapa do bipartito, a cobertura da CRTVG cumpriu os criterios de representatividade, pluralidade e neutralidade informativa. A mellor proba de que as acusacións que se dirixen contra os medios públicos non responden á realidade.

As instrucións da Xunta Electoral son claras: «corresponde aos órganos de decisión dos medios a decisión de organizar ou difundir entrevistas ou debates electorais dentro do seu plan de cobertura electoral». Pero, curiosamente, os que máis atacan a CRTVG pola súa suposta falta de independencia son os que pretenden facer a programación da TVG e da Radio Galega e impoñer os horarios e os formatos de entrevistas e debates nunha clara inxerencia na liberdade de información e na independencia dos profesionais dos medios públicos.

Resulta moi sorprendente escoitar o PSdeG falando de imparcialidade, e resulta moi sorprendente escoitalos falando de suposta externalización en CRTVG, vendo o que fai á fronte da CRTVE a súa nova presidenta —por certo, militante do Partido Socialista—. As producións máis custosas da CRTVE, señora Longueira, son externas, ao que se engaden os xenerosos contratos a persoas que non son da plantilla sen darlle oportunidade aos seus propios profesionais. Precisamente os recelos da anterior presidenta ante un contrato cun presentador humorista suxerido pola Moncloa por importe de 28 millóns de euros —28 millóns de euros, cartos que non son de ninguén, dicía a señora Calvo— provocou a súa caída, á doutros directivos e mesmo a división no Consello de Administración en situación de bloqueo. Contratos millonarios que firman sen pudor, pese a que a débeda bancaria da CRTVE elevouse case un 60 % nos últimos cinco anos —será que os cartos non son de ninguén— ata chegar ao peche de 2023 aos 2030 millóns de euros. E mentres os seus traballadores están agardando a

que se acometan os procesos de concurso-oposición que levan anos demorándose porque os seus directivos son incapaces de desenvolvelo.

CRTVA é o paradigma de mala xestión dunha corporación pública e de colonización das institucións por parte do sanchismo; por certo, un sanchismo do que o BNG é un dos seus máis fieis apoios no Congreso.

A situación da CRTVE non pode ser peor. A estas alturas, cando estamos só a metade de ano, ten un burato de 30 millóns de euros, e iso que recibiu a maiores 100 millóns de euros para a Eurocopa e os xogos olímpicos, e para poder rematar o ano terá que botar man dos fondos de reserva da Corporación. Os cartos non son de ninguén.

Nada disto ocorre na CRTVG: está ben xestionada, cunha Administración austera e rigorosa, e en breve rematará o proceso de consolidación da práctica totalidade do seu persoal. Quedounos claro hoxe que algúns partidos son incapaces de felicitar o director xeral da CRTVG polas contas que presenta ademais ano tras ano ante esta comisión, froito dunha xestión eficiente e con capacidade de anticipación e visión de futuro. Por iso, a Corporación galega foi pioneira en emisións en alta definición e agora coa posta en marcha da plataforma OTT.

O que fan é desacreditala, deslexitimala porque a súa única aspiración é rematar coa súa independencia, limitar a liberdade de información e impor as súas consignas aos profesionais, como se fai noutras televisións públicas. Esa é agora unha das prioridades do sanchismo, impor controis aos directores de medios, aos xornalistas, aos presentadores, censura, control, publicidade para os afíns, silenciamento dos que non pensan igual; medidas máis propias da Venezuela de Maduro que dun país democrático.

Se de verdade estivesen preocupados pola independencia dos medios de comunicación o que terían que facer é levantar a súa voz ante este plan do Goberno de Sánchez e a súa deriva autoritaria que quere rematar coa pluralidade informativa sen escrúpulos, pero non os escoitei dicir nin unha soa palabra diso.

Como dicía na miña primeira intervención: estabilidade, veracidade, valoración social, dinamismo, adaptación, superávit e contas saneadas. Esta é a carta de presentación coa que a Corporación comparece hoxe na persoa do seu director xeral e pola que dende o Grupo Parlamentario Popular congratulamos ao director xeral, pero tamén a todos e todas os que forman parte desta Corporación.

Máis nada. Moitas grazas.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Grazas, señora Pomar. E grazas por axustarse escrupulosamente aos tempos.

Por un tempo agora de 5 minutos ten a palabra o señor Sánchez.

O **señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia (Sánchez Izquierdo):** Moi breve, señora presidenta. Agardo non pasarme dese tempo.

Señoría Longueira, eu agradézolle moitísimo a consideración persoal que ten de min, e profesional tamén —iso é bidireccional, como ben sabe—, pero hai cousas que non podo pasar sen rexeitar. O que dixo vostede arredor da novas pantallas da TVG, a hiperpantalla do gran plató de informativos e demais, de que non se mediu, etcétera. Iso non é verdade, o problema foi doutra natureza do propio provedor. E non me gustaría pasar sen desmentilo porque iso afectaría á profesionalidade do equipo directivo na área tecnolóxica; que, dende logo, podo garantirlle que mediu e mediu ben, e mediu moi ben.

Respecto da súa consideración da Televisión Galega como unha televisión para vellos, que é un cliché boi manexado e moi replicado. Mire, aí o que eu penso que debemos ter en conta é o seguimento que estamos a ter en plataformas dixitais, que é altísimo. É verdade que a televisión lineal é unha televisión de consumo para a xente dunha certa idade, pode suceder que iso nalgún momento reverta, pero polo de agora é verdade que a televisión lineal na que está a marca convencional da TVG é unha televisión a xente maior, iso é incuestionable no noso caso e en todos os casos de todas as televisións en lineal. Por tanto, onde está a gran batalla é no eido dixital e aí é onde á TVG estalle a ir francamente ben.

Arredor da calidade dos informativos, da imparcialidade, da neutralidade, etcétera. Eu reitero o que xa teño dito aquí moitas veces: díganme un exemplo de sistema público ou privado de comunicación máis equilibrado e máis responsable que o da TVG. Agardo que alguén me poña ese exemplo que á data de hoxe non existe.

Vostede fixo un recoñecemento do papel de Chichi Campos, ao que eu estimo tamén moitísimo a súa aportación, a que fixo, pero a súa mención ao programa «Era visto», ese programa xurdiu, naceu, desenrolouse e morreu durante o mandato desta dirección xeral, non coa anterior.

E para a xestión —que a vostede lle preocupa o tema orzamentario e a carencia de recursos e demais— o maior problema que tivo esta dirección para xestionar un orzamento non foi a redución do orzamento, senón a xestión da débeda acumulada. Ese si que foi un peso tremendo de xestión durante bastantes anos.

Señora Fernández, en materia de persoal o relevante é que se fixo máis con menos xente. ¿Que quería vostede? ¿Que houbera máis xente para que non fixeran nada? Ou, se se fixo máis con menos xente ¿que ten iso de malo?

E seguinte cuestión. Eu pregúntome, ¿que se fixo historicamente cos 40 millóns de euros máis por ano que manexou a TVG durante bastantes anos? ¿Que se fixo? ¿A onde foi ese diñeiro? ¿A onde foi? Xa me gustaría que fora á grella e aos

contidos, etcétera. Eu non vexo a onde foron eses 40 millóns de euros durante algúns anos; ese é un misterio realmente digno de Cuarto Milenio, pero pagaría a pena facer unha reflexión a ese respecto.

Resto do Plan de igualdade, eu o que sei é que o nivel de tratamento da igualdade na CRTVG é altísimo, e así o recoñecen todos os analistas, todos os indicadores, non quero reiterar unha vez máis o dato do informe Ardán.

A súa apelación ás consideracións sobre a conflitividade laboral, e utilizando como fonte de autoridade do Colexio de Xornalistas. Eu son membro dese Colexio e sei de que vai a vaina —se me permiten—. Pero esa aportación do Colexio de Xornalistas fíxose nun contexto arredor dun problema de catro traballadores, que oh misterio! resulta que as sentenzas dos tribunais foron nos catro casos a prol da propia CRTVG e non deses catro traballadores, e aí xa o Colexio de Xornalistas non dixo nada, nada.

E arredor do altísimo nivel da litixiosidade laboral da CRTVG, eu recoñézoo, está no ADN da propia casa. A litxiosidade laboral, calquera conflito por menor que sexa, naquela casa lévase a un tribunal, é así. Pero o que si sei é que a meirande parte desa litixiosidade laboral —pero a meirande parte, non teño agora o dato aquí á man— é herdanza de anteriores administracións da CRTVG.

E, señoría Pomar, mire, agradézolle moitísimo as súas consideracións, pero sobre todo unha, o seu recordatorio de que os diñeiros dos sistemas públicos de comunicación de Galicia son dos galegos e das galegas e que debemos de administralos coa máxima escrupulosidade e o máximo coidado. E esa chamada de atención que fixo eu compártoa tamén plenamente.

Máis nada, señora presidenta.

A **señora presidenta (Arias Rodríguez):** Grazas, señor director xeral.

E pasamos xa o punto número 2, de preguntas.